

DEREITOS DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Ademais dos dereitos que tes como vítima dun delito, a lei recoñécelle a todas as mulleres que son vítimas de violencia de xénero unha serie de dereitos de tipo social como:

- Dereito á **información**.
- Dereito a **servizos sociais** de atención, de urxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral.
- Dereito a **asistencia xurídica gratuíta**.
- Dereitos **laborais** e de **seguridade social**.
- Dereitos **económicos** (salario da liberdade e axuda económica en pagamento único).
- Axudas no aluguer ou merca dunha **vivenda**.
- Atención **psicolóxica** gratuíta.

SALARIO DA LIBERDADE

O salario da liberdade ten como finalidade proporcionar apoio económico a mulleres que acreditando unha situación de convivencia que as poña en risco de sufrir violencia de xénero non dispoñen de recursos económicos, ou son de contía insuficiente, para afrontar unha independencia inmediata do agresor.

A prestación consiste nunha axuda económica de ata 600 euros mensuais e por un período máximo de 12 mensualidades.

Os requisitos necesarios para ser beneficiaria da prestación son:

- Ser muller, maior de idade ou emancipada.
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acreditar a situación de violencia cunha orde de protección xudicial, informe do Ministerio Fiscal, dos servizos sociais ou dos centros de acollida.
- Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou ser de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor.

Defende os teus dereitos

Defende os teus dereitos

Guía práctica resumida para mulleres que sofren violencia de xénero

Defende os teus dereitos

MÁIS INFORMACIÓN

TELÉFONO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES

900 400 273



Unión Europea
Fondo Social Europeo



XUNTA DE GALICIA

A violencia de xénero nas relacións de parella

Ningunha muller debe permanecer nunha relación na que non se respecta a súa dignidade como persoa nin se lle recoñece como igual.

- A violencia de xénero comprende calquera agresión física, psicolóxica ou sexual sobre as mulleres polo mesmo feito de selo.
- En todas as súas manifestacións e ámbitos atenta gravemente contra os dereitos humanos das mulleres.

PÓDENSE DENUNCIAR TANTO OS MALOS TRATOS FÍSICOS COMO PSÍQUICOS. HAXA OU NON LESIÓN.

¿QUÉ FACER ANTE UNHA SITUACIÓN DE MALTRATO?

Se aínda non tomaches a decisión de saír da situación de violencia ou se xa o decidiches pero continúas vivindo co agresor é conveniente que sigas algunhas recomendacións para reducir o perigo de posibles agresións e para actuar no caso de que se produza un novo episodio violento, é o que se denomina **PLAN DE SEGURIDADE**.

- Cando se produza ou creas que se pode producir unha nova agresión:
 - evita estar en lugares nos que o agresor poida acceder a obxectos perigosos, como a cociña.
 - permanece nunha habitación fóra do alcance do agresor e próxima á porta da rúa co fin de facilitar a saída do domicilio.
 - refúxiate coas túas fillas/os en casa dun/ha veciño/a.
 - pecha todas as entradas se o agresor saíu do lugar.

Ten a man os teléfonos dos servizos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e outros que poidas precisar.

Inventa sinais cos teus fillos/as para que se protexan e saian do domicilio e busquen axuda. Ensínalles tamén a marcar os teléfonos de urxencias.

Pon en coñecemento dalgún veciño/a a túa situación para que chame á policía cando oia calquera suceso violento no teu domicilio.

Ten a man toda a documentación que vaias precisar en caso de ter que saír do domicilio.

Se é posible ten unha pequena cantidade de diñeiro aforrada.

Se o teu teléfono grava os últimos números marcados teno en conta se fas algunha chamada pedindo información ou axuda en relación coa situación de maltrato.

¿QUÉ FACER CANDO SE PRODUCE UNHA AGRESIÓN?

- Chama á policía (091) ou á garda civil (062).
- Avisa a algún veciño/a ou familiar que poida presenciar o teu estado, físico e psicolóxico, dos teus fillos/as, danos na vivenda, actitude do agresor..., para logo declarar como testemuña.
- Se podes recolle e leva contigo toda a documentación persoal túa e dos teus fillos e fillas (DNI, tarxeta de residencia ou pasaporte, libro de familia, carta ou tarxetas da seguridade social, caderno, talonario ou tarxeta bancaria...), documentos acreditativos dos ingresos e dos gastos familiares (nóminas, xustificantes de pago de horas extras, recibos do aluguer, facturas, seguro médico, pediatras, farmacia, supermercado, gastos de escolaridade e actividades extraescolares dos fillos/as), e de ser o caso documentos acreditativos de agresións anteriores (denuncias, informes médicos, sentenzas...).
- Conserva os xustificantes dos gastos que se produzan como consecuencia da agresión (médicos, farmacéuticos, desprazamentos, aloxamento...)

SE EXISTEN LESIÓNS FÍSICAS

- Acode ao centro médico ou ao servizo de urxencias do hospital.
- Explica con precisión todas as lesións sufridas. Se sufriches agresión sexual non te cambies nin te laves e expícalles como ocorreron os feitos sen avergoñarte.
- Solicita copia do informe médico xa que é moi importante en caso de unha posterior denuncia.
- Toma fotos das lesións xa que é posible que pasen días ata que sexas citada polo xulgado para que te examine o médico forense.

DENUNCIA DOS FEITOS

É moi importante que antes de iniciar ningún trámite legal te asesores convenientemente. Para iso podes acudir aos Centros de Información ás Mulleres, ao teléfono de información ás mulleres: [900 400 273](tel:900400273), aos servizos sociais de base ou as asociacións especializadas que prestan asesoramento xurídico gratuito.

Quen pode denunciar

Ti, como vítima dunha agresión, e calquera persoa que teña coñecemento dela.

Onde e como se presenta a denuncia

- Policía Nacional
- Garda Civil
- Xulgado de Garda
- Policía Local, cando é urxente e non hai ningún dos anteriores

- Aporta todos os datos posibles e descrición detallada da agresión facendo constar tamén se se sucederon feitos similares noutras ocasións (se as tes aporta copia de denuncias ou informes médicos de agresións anteriores).
- Se hai testemuñas facilita os seus datos.

- Antes de asinar a denuncia le o seu contido asegurándote de que se recolleron os feitos tal e como os relataches. Se non é así tes dereito e debes solicitar que se amplíe ou modifique a denuncia.
- Solicita sempre que se che entregue copia da denuncia.
- Se tomaches a decisión de saír do domicilio familiar, por seguridade, deixa constancia disto na demanda e se podes facilita como enderezo o dun familiar ou amigo/a onde residas e onde poidan recoller as notificacións e comunicacións do xulgado.
- Podes pedir protección e acompañamento da policía ou garda civil para volver á túa casa ou, no seu caso, retirar do domicilio familiar a túa roupa e obxectos persoais.

NON ACUDAS SOA AO XULGADO. ASESÓRATE PREVIAMENTE E ASISTE ACOMPAÑADA DE AVOGADO/A QUE DEFENDA OS TEUS INTERESES.

ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA

- Se non tes medios económicos, tes dereito á asistencia xurídica gratuíta se os teus ingresos non superan o dobre do salario mínimo interprofesional, ou aínda que sexan superiores existen circunstancias que denoten a falta de recursos económicos.
- A solicitude debes realizala no mesmo xulgado onde se tramita o procedemento ou no colexio de avogados da localidade. Nos Centros de Información ás Mulleres e nos Colexios de Avogados poden axudarche a cubrila.

ORDE DE PROTECCIÓN

A orde de protección pode ser solicitada pola muller vítima de violencia de xénero, polos seus fillos e fillas, polas persoas coas que convivan, polo ministerio fiscal ou por calquera administración da que dependan os servizos de atención ou acollida. O xuíz/a que ten coñecemento da situación de violencia tamén pode acordala de oficio.

O modelo de solicitude deberancho facilitar: nos xulgados, fiscalía, policía, garda civil, oficinas de atención ás vítimas, servizos sociais, colexios de avogados...

Recibida a solicitude o xuíz convocará unha audiencia que terá lugar no prazo máximo de 72 horas dende a presentación daquela.

A orde de protección concentra nunha única resolución a adopción de medidas de natureza penal, como a prohibición de que o agresor se aproxime á vítima e/ou aos seus familiares ou a outras persoas (é o que se denomina Orde de Afastamento); medidas de índole civil, como a atribución do uso e goce da vivenda familiar; a determinación do réxime de custodia, visitas, comunicación e estancia cos fillos e fillas e o réxime de prestación de alimentos; activando ao mesmo tempo os instrumentos de protección social establecidos nas distintas administracións públicas, estatal, autonómica e local.